



ANUNCIO

EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 30.03.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 30 de marzo de 2016**.

1.- **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do *23 de marzo de 2016*.

2.- Concesión de licenza de **demolición de edificio de baixo e dúas plantas, sito en Ponte Zapal -esquina rúa Calzada. Marín**.

3.-Toma de coñecemento da resolución do 15 de marzo de 2016, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao **financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2016, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas**.

4.-Toma de coñecemento da Orde do 11 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, **para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016**.

5.- **Rogos e preguntas**. Non se formulan

ASUNTOS URXENTES.- Previa declaración de urxencia en forme regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación.

6.- Solicitar subvención con cargo ás bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, aos investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turístico no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no **marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016**.

7.- Corrección de erro numérico no acordo relativo á solicitude de subvención para o investimento denominado **“Reposición de Pavimentos en Camiños do Rural de Marín 2016”**, con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2016.

8.- Modificación do acordo polo que se solicitou a subvención para o investimento denominado **“Pavimentación do acceso ao Polideportivo Municipal de A Raña”** con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2016.

9.- Toma de coñecemento da Resolución do 16 de marzo de 2016, da **Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral**, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de marzo de 2014.